

## Certame europeo do consumidor novo

Ángeles Rivela Machado  
Colexio de educación primaria Seis do Nadal. Vigo

O noso centro está situado en Coia, un barrio obreiro de Vigo, no que non existe ningunha oferta cultural, polo que polas tardes o centro está aberto a actividades culturais e deportivas nas que participan moitos rapaces e adultos. Unha das características que nos definen é ser pioneiros na integración de alumnado discapacitado motórico.

Levamos xa dous anos traballando fundamentalmente no tema transversal da educación do consumidor e este curso xa, desde o seu comezo, tódolos mestres e mestras decidiron implicarse máis.

No mes do Nadal, o alumnado do centro —cada nivel dentro das súas posibilidades— fixo murais con clasificacións de xoguetes, atendendo a varios criterios: perigosidade, elementos de fabricación, caro-barato, bélicos, etc.

Enlazámo-lo tema tamén coa educación ambiental, igualdade de sexos e educación pola paz. Como remate desta campaña fixose unha recollida de xoguetes para mandarllelos a unha escola de Abancay (Perú) coa que participamos dentro do proxecto *Amigo Solidario*.

O Belén, que lle correspondeu organizalo ó 2º cido, fixose con materiais reciclados e as bolas da árbore con papeis reciclados de papeis de agasallos que se van gardando. As bolas grandes que se colgaron do teito estaban feitas con papel de aluminio que se recolleu en cada clase durante o 1º trimestre dos bocadillos do recreo.

Para o segundo e o terceiro trimestre xa pensamos máis en centrarnos no euro: pensar e vivir en euros que era o tema do certame.

Montouse na entrada unha Eurotenda con envases baleiros achegados polas familias para que os nosos alumnos e alumnas fixeran compras practicando coas novas moedas e billetes do euro. O diñeiro retirábase do eurobanco que estaba ó seu carón, no que ata se acostumaban a gardar.

No euroentroido participaron tódolos mestres e as familias axudando a confeccionalos traxes.

Os nenos e nenas de educación infantil vestíronse cunha moeda dun euro facendo de euroinfantes, os de educación especial-motóricos eran unha locomotora que ía levando detrás a cada clase que ía dun país da unión europea desfilando co seu himno. No remate queimouse unha peseta enorme e déuselle a benvinda ó euro.

Todas estas actividades foron colectivas, de todo o centro, pero, logo, unha clase en concreto de 1º do 3º cido representou unha obra de teatro, escrita por unha mestra do centro, coa que acadaron o primeiro premio do Certame Europeo do Consumidor Novo en Santiago, e representando a Galicia, obtívemo-lo primeiro premio en Madrid.

Actuaron tódolos alumnos da clase e foi dirixido pola titora, pero no vestiario colaborou a maioría do profesorado do centro.

Había un narrador que ía contando como se formou a Unión Europea, un que ía sinalando no mapa de Europa, un personaxe por cada un dos países que a forman, incluídos os que non están na zona euro, o señor Billete que se ía transformando dependendo do seu valor, así como a señora Moeda que ía contando como eran os seus oito filliños. Contaban como se chegou á bandeira coas doce estrelas, ó Himno da Alegría e ó Día de Europa, todo isto dun xeito moi lúdico e con situacións da actualidade.

No remate cada un facía unha pregunta ó público para ver se atenderan e aprenderan algo. Nalgunhas produciáanse situacións de risa posto que o público non o sabía e eles sí.

Para eles leva-lo primeiro premio de Galicia e que llo entregase o conselleiro foi unha grande emoción, á parte dos 800 euros que trouxemos para o colexio. Pero, ir a Madrid, visitar un parque temático, durmir por primeira vez tres días fóra da casa e por riba... o primeiro premio. ¡Nunca o esquecerán!

Mentres ían dicindo os que obtiveran premios, comezaban polos últimos, a tensión aumentaba por segundos. Todos, nos asentos, agarrados das mans, sen dicir unha palabra. Cando dixeron o nome do noso colexio comezamos todos a abrazarnos, a chorar e todo o público a aplaudir porque lle gustara moito a obra. ¡Non se daban reposto!

Logo, á chegada o recibimento que nos fixeron foi aínda máis emocionante. ¡Ata nos recibiu o alcalde! Xa non quedaban máis autoridades ás que dálle-la man: locais, autonómicas, nacionais, europeas...

Fixeron varias representacións no colexio, no instituto e quedaban todos abraia-dos ó comproba-la cantidade de coñecementos que adquiriran sobre o euro e Europa.

Todo isto foi un bo remate dun curso que se centrou no tema do euro, de como pensar e vivir en euros.

O curso que vén xa agardamos pertencer de pleno dereito á Rede de Escolas do Consumidor cun novo proxecto no que colaboraremos como ata agora co Instituto Galego do Consumo, querendo, dende a súa revista, agradecerlles ós seus responsables todo o apoio que nos prestaron.

